

0.-INTRODUCCIÓN

A tarefa do desenvolvemento integral da montaña luguesa constitúe un reto tan apetezible como subir os seus picos máis altos pero tan difícil como subilos con sacos cargados ó lombo. A fluctuación entre ilusión e realismo é unha constante de partida que ha de manter acesos os dous polos sen que ningún afogue ó outro.

- Ilusión

- Para facer posible que con unha axuda axeitada a propia poboación (envellecida, pouco formada, desanimada...) imos ser capaces de sacar a flote esta barco que por veces parece que se vai a pique.
- . Para ser capaces de crear alternativa económicas menos cansinas e máis rendibles.
- . Que funda os muros da anomia, o desánimo, a baixa autoestima...
- . Que axude a “sumar” desde distintos plantexamentos políticos, ideolóxico, locais, ... sen excluír a ningún.
- . Para non paralizarnos cando a lentitude e as adversidades afloren.

- Realismo

- . Para non enganarnos a partir dos problemas e recursos reais.
- . Para elaborar programas intelixentes que promovan respostas reais e non creen falsas expectativas.
- . Para non xerar cambios con “variña máxica” senón saber situalos na perspectiva do educativo e do promocional e polo tanto no camiño dos “procesos” lentos, compartidos, viables, visibles.
- . Para entender a importancia decisiva da nosa participación na elaboración dos diagnósticos, na toma de decisión, na solución de conflitos, nos proxectos audaces. Sen nós non é posible un futuro luminoso para a montaña.

A asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Caurel quere ser un reflexo vivo desa bipolaridade. Non é doado conseguir unha práctica de participación desde a diferenza ideolóxica, sectorial, territorial...

A historia recente non é precisamente unha escola de ilusión e participación. É este un camiño a facer inevitablemente se non queremos afogarnos nos nosos propias miopías, liortas e localismos. Pero é un camiño difícil que non fai máis que dar os primeiros como aparece claro nas dinámicas que se foron producindo na constitución deste grupo.

O feito de que o Caurel entrara neste grupo foi visto como un dato esperanzador por todos/as pero non puido limar a serie de encontros e desencontros. A gran maioría de entidades da comarca ve con esperanza a creación de unha plataforma de este tipo, mesmo é algo que moitas asociación levan reclamando desde hai tempo, pero o feito de que algunhas asociacións e varios concellos decidan abandonar a asociación pon de manifesto que queda moito que facer e que este grupo non pode deixar a teima da

xestión compartida e participativa por cantos máis mellor respectando as posición de cada quen. Nese senso será necesario reforzar a estratexia de incorporación e participación de todos e cada un dos distintos grupos.

A asociación nunca se renderá no obxectivo de crear pontes e canles de entendemento. Este documento de ningún modo é definitivo, necesariamente é unha estratexia é un grupo dialéctico retroalimentado constantemente pola devir cotián e pola incorporación de novos grupos e novos sectores. A esta respecto sería un indicador de boa saúde democrática e funcional ver que as mesas sectoriais constituídas se van reconvertido en función de acción que sexan capaces de xerar.

Non estamos máis que empezando, aprendamos da montaña, sexamos tenaces, humildes, constantes, intelixentes, acolledores e sobre todo... non perdamos de vista que o importante é “ir indo e ter os pes quentes” ou como di Uxío Novo Neira “teña pan, teña leña, teña herba para os bois e veña o que veña”

I.-O GDR ANCARES COUREL

I.1. TERRITORIO.

O ámbito territorial que abarca o GDR Ancares Courel correspóndese co descrito no GDR-5 do anexo I (Baralla, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro) coa inclusión de Folgoso do Courel (anteriormente no GDR-8).

MOTIVOS POLOS QUE FOLGOSO DO COUREL PEDIU O CAMBIO DE INTEGRACION DO GDR8 AO GDR5:

A inclusión do Concello de Folgoso do Courel noGDR5 fíxose efectiva o día 5 de maio do 2008 nunha xuntanza celebrada na residencia da terceira idade de Monforte entre diferentes entidades privadas e concellos pertencentes o GDR8 do que ate ese día formaba parte, xuntanza a que asistiu D. Alfonso Ruano como membro de Agader.

Entre os puntos da orde do día figuraba a petición de cambio de Folgoso do Courel.

Tras expoñerse este punto no que non houbo ningún voto en contra do cambio e por cumprir coas condicións de: que os axentes socioeconómicos do concello de Folgoso do Courel acreditaron a súa vontade inequívoca e consensuada de integrarse no GDR5, os axentes socioeconómicos do GDR5 manifestaron a súa aceptación da inclusión neste grupo do Concello de Folgoso do Courel e que con este cambio non se altera o número de 31 GDR de Galicia,

D.Alfonso Ruano en representación de Agader manifestou que ó remate da xuntanza levantárase acta do paso de Folgoso do GDR8 o GDR5.

Os motivos polos que Folgoso do Courel pediu o cambio do GDR8 ó GDR5 poderían resumirse en que son moito maiores as semellanzas en tódolos ámbitos co territorio de Ancares que co territorio da Ribeira Sacra

O Concello de Folgoso do Courel nos seus aproximadamente 193 Km 2 presenta unha orografía de media-alta montaña con desniveis que van dos 400 mtr ate os 1645 mtr aproximadamente, no que se atopan dispersas 47 entidades de poboación, presenta uns indicadores Municipais de Renda dos Fogares moi similares os dos outros seis Concellos do GDR5 entre o 88-94% con respecto a media galega, unha perda de poboación moi acusada, exemplo no período 2002-2007 de case un 15%, tamén moi similar a maioría dos Concellos do GDR5, un índice de envellecemento de 542,1 tamén moi similar a maioría do GDR5, a densidade de poboación 6,7 tamén moi similar a maioría dos Concellos do GDR5, todos estes factores unidos a unhas infraestructuras viarias moi deficientes, a unha climatoloxía moi adversa con frecuentes nevadas, e un longo período de xeadas que dificultan aínda mais as comunicacións, uns servizos médicos e farmacéuticos moi distantes de moitos pobos, a inexistencia de transporte público, a deficiente ou inexistente cobertura telefónica, cobertura de Internet soamente nalgunhas poboacións, a lonxanía en espacio e tempo dos grandes centros provedores de servizos etc.

A dotación de todos estes servizos fundamentais faise moi custosa debido a orografía e a dispersión da poboación que xa comentamos, e o mesmo tempo esta carencia de servizos fai que os pobos se vaian quedando baleiros, e que ver un neno nun pobo sexa case un achádego.

Todos estes problemas son comúns en maior ou menor medida a “montaña de Lugo” eido xeográfico no que se atopan a maioría dos Concellos do GDR5.

Na maioría do eido xeográfico da Ribeira Sacra estes problemas ou non se dan ou están mais atenuados debido a súa climatoloxía mais benigna, a súa orografía mais favorable, as mellores vías de comunicación, a maior cercanía dos centros provedores de servizos, etc. e en todo caso o achegamento dos servizos dos que poidan carecer, faise dun xeito moito menos custoso, e mais rápido.

Por todo o dito ate agora podemos concluír que o eido Ancares-Courel e o eido Ribeira Sacra forman dúas realidades socioxeográficas ben diferenciadas.

No referente ó medio ambiente Courel comparte tamén con Ancares o estar incluídos no mesmo Lugar de Interese Comunitario (LIC ANCARES-COUREL) o mais grande de Galicia, con mais de 102.000 ha.

Tamén no eido medioambiental Courel comparte con Ancares os proxectos de creación de dous parques naturais, o parque natural de Ancares e o Parque Natural do Courel, que mesmo nun primeiro momento a Administración contemplou a posibilidade de que formasen un único parque, o parque natural Ancares-Courel.

No tocante ós recursos para o seu desenvolvemento tamén atopamos diferencias entre o grupo da Ribeira Sacra, en que os seus eixes vertebradores xirarían sobre o sector vinícola e o románico principalmente. Mentres que no Courel os seus recursos irían mais orientados a un turismo de calidade ligado os seus valores naturais, a súa gastronomía típica e diferenciada, os embutidos, a castaña con 1500ha de soutos, a agricultura e gandeira ecolóxica, etc.

Resumindo tamén os recursos e potencialidades de desenvolvemento do Courel son semellantes ós da maioría dos Concellos do GDR5, mentres na Ribeira Sacra son fundamentalmente diferentes.

Estas similitudes de problemas e de recursos e potencialidades de desenvolvemento, farán mais fácil organizar os proxectos que se vaian levar a cabo de forma conxunta dentro do territorio do GDR5 incluído o Courel.

Xa o poeta do Courel Novoneyra “ventaba” na súa poesía dos Eidos este achegamento do Courel os Ancares:

TERRAS outas e solas!
Serras longas mouras!
Eu son esta coor de soidá...
Ancares soñados co lonxe!.....
Fragas agros soutos e devesas!
Labregos e pastoras
Que sólo vistes

Istes tesos i estes vales!

I.2.DATOS IDENTIFICATIVOS.

I.2.1.Denominación e CIF

Denominación: Asociación de Desenvolvemento rural Ancares Courel.

CIF: A alta fiscal está en trámite.

I.2.2.Domicilio social. Teléfono, fax, correo electrónico

Domicilio social: Rúa Ano Vello s/n. 27640. Becerreá

Teléfono: 982360707

Correo electrónico: gdr5ancarescourel@gmail.com

I.3. ACTA FUNDACIONAL

A asemblea constitúese coas 58 entidades e os seus respectivos representantes:

D/D^a. Fernando Rodríguez González, actuando en representación da entidade Asociación de Empresarios de As Nogais e con domicilio social na rúa, lugar Rúa Castelo nº s/n CP27677, concello de As Nogais, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Jesús Valle Trabado, actuando en representación da entidade CMVMC de Barracedo e Searas, de San Pedro de Hermo e con domicilio social na rúa, lugar San Pedro de Hermo nº s/n CP27674, concello de As Nogais, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Espín Mejía, actuando en representación da entidade Concello de As Nogais e con domicilio social na rúa, lugar Casa do Concellos nº s/n; As Nogais CP27677, concello de As Nogais, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Manuel López Díaz, actuando en representación da entidade CMVMC Pena Rabela de Casares e Vilaesteva e con domicilio social na rúa, lugar Vilaesteva - Torés nº s/n CP27646, concello de As Nogais, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Juan Álvarez González, actuando en representación da entidade CMVMC de Valdenavallos, Doncos e con domicilio social na rúa, lugar Doncos nº s/n CP27676, concello de As Nogais, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. María Blanca Núñez Cordero, actuando en representación da entidade CMVMC Matela e con domicilio social na rúa, lugar Matela nº 11 CP27696, concello de Baralla, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Lois Manoel Toirán Vázquez, actuando en representación da entidade Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) e con domicilio social na rúa, lugar CPI Luis Díaz Moreno nº s/n CP27680, concello de Baralla, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Montserrat Lombardía Fernández, actuando en representación da entidade Asociación Cultural Amigos do Val de Neira con e con domicilio social na rúa, lugar Rúa Irmáns Díaz Moreno nº s/n CP27680, concello de Baralla, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Manuel Fernández Fernández, actuando en representación da entidade Asociación de Empresarios do Gando e con domicilio social na rúa, lugar Piñeira nº 3 CP27680, concello de Baralla, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Juan Manuel Fernández García, actuando en representación da entidade Asociación Cultural O Gatín e con domicilio social na rúa, lugar Pontes de Gatín nº s/n CP27665, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Juan Carlos Castaño Fernández, actuando en representación da entidade Asociación Veciñal-Cultural Valiña-Agüeira e con domicilio social na rúa, lugar Valiña, Agüeira nº s/n CP27678, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Antonio Guerra Castro, actuando en representación da entidade SD Becerreá e con domicilio social na rúa, lugar Becerreá nº s/n CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Ovidio Montaña Regueiro, actuando en representación da entidade ANPA CEIP San Xoán e con domicilio social na rúa, lugar Castelo nº s/n CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Luis Montaña Regueiro, actuando en representación da entidade Asociación de Veciños de Morcelle e con domicilio social na rúa, lugar Morcelle nº s/n CP27678, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Fermín Santín López, actuando en representación da entidade Asociación Deportiva San Xoán de Becerreá e con domicilio social na rúa, lugar San Pedro de Furco nº s/n CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Paloma Becerra Fernández, actuando en representación da entidade Club de Ximnasia Rítmica e Patinaxe de Becerreá e con domicilio social na rúa, lugar Becerreá nº s/n CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Concepción Díaz López, actuando en representación da entidade CMVMC Campo de Castro e con domicilio social na rúa, lugar Guilfrei nº s/n CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Fernández Gómez, actuando en representación da entidade COELPLAN, SCG e con domicilio social na rúa, lugar O Cereixal nº s/n CP27695, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Encarnación López Pérez, actuando en representación da entidade Asociación de Veciños San Roque de Ouselle e con domicilio social na rúa, lugar Casa Valdaseara nº 25, Ouselle CP27678, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Salvador González Díaz, actuando en representación da entidade ADSG Becerreá e con domicilio social na rúa, lugar Veiga - Pando nº s/n CP27663, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Víctor García Rodríguez, , actuando en representación da entidade Asociación Cultural Anxo Eiriz e con domicilio social na rúa, lugar Avda. Quiroga nº 8 CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Elena Picos Vilar, actuando en representación da entidade Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira e con domicilio social na rúa, lugar Avda. de Madrid nº 62 CP27640, concello de Becerreá, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Sandra López Gómez, actuando en representación da entidade Sociedade Cooperativa Galega A Carqueixa e con domicilio social na rúa, lugar Casa Rectoral nº s/n CP27664, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Dolores López Pérez, actuando en representación da entidade Asociación Cultural O Teixeiro e con domicilio social na rúa, lugar Piornedo nº s/n CP27667, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Jesús Pérez Quiroga, actuando en representación da entidade CMVMC Poso, Cervantes e con domicilio social na rúa, lugar Poso nº s/n CP27667, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Antonio del Pueblo Alonso, actuando en representación da entidade CMVMC Xunquiñas, Moreira e con domicilio social na rúa, lugar Moreira de Donís nº s/n CP27667, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Antonio Gómez Núñez, actuando en representación da entidade CMVMC de Vilar de Cucos e con domicilio social na rúa, lugar Vilar de Cucos nº s/n CP27665, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. David López Pereda, actuando en representación da entidade CMVMC de Vilar de Mouros e con domicilio social na rúa, lugar Vilar de Mouros nº s/n CP27665, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Manuel Pérez Deiros, actuando en representación da entidade CMVMC de Foro, Santo Tomé e con domicilio social na rúa, lugar Santo Tomé nº s/n CP27665, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Isolina Rodríguez López, actuando en representación da entidade Centro para el Desarrollo Rural Ancares e con domicilio social na rúa, lugar Casa Rectoral nº s/n; San Román CP27664, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Ramiro Martínez Carballosaactuando en representación da entidade Asociación de Montaña A Carqueixa e con domicilio social na rúa, lugar Casa Rectoral nº s/n CP27664, San Román, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Manuel Pérez Gómez, actuando en representación da entidade Sociedad de Cazadores "San Verísimo" de Cervantes e con domicilio social na rúa, lugar Vilaquinte nº s/n CP27659, concello de Cervantes, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Óscar Carrete Lage, actuando en representación da entidade Asociación Xuvenil Buraca das Grellas e con domicilio social na rúa, lugar Teixeira do Courel nº s/n CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Manuel Antonio Vázquez Torrón, actuando en representación da entidade Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel e con domicilio social na rúa, lugar Esperante nº s/n; Cámping CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Mari Carmen Vergara Ramos, actuando en representación da entidade Asociación A Coroa e con domicilio social na rúa, lugar Rúa da Deputación nº s/n CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Francisco Vergara Ramos, actuando en representación da entidade MVMC de Vilar e con domicilio social na rúa, lugar Vilar do Courel nº 5 CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Antonio Fernández González, actuando en representación da entidade CMVMC Ferramulín e con domicilio social na rúa, lugar Ferramulín nº s/n CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Pedro Lemos López, actuando en representación da entidade Asociación de Propietarios de Ferramulín e con domicilio social na rúa, lugar Ferramulín nº s/n CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Juan Fuentes Visuña, actuando en representación da entidade Asociación de Nais e Pais - Courel e con domicilio social na rúa, lugar CPI Seoane nº s/n CP27326, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. María Pilar Veiga Rodríguez, actuando en representación da entidade CMVMC de Órreos e con domicilio social na rúa, lugar Órreos nº s/n CP27325, concello de Folgoso do Courel, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Guadalupe Fernández López, actuando en representación da entidade Asociación de Veciños Londrega e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Eva Pérez Álvarez, actuando en representación da entidade Asociación de Mulleres Rurais Leticia e con domicilio social na rúa, lugar Molméan nº s/n CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Ana Álvarez Fernández, actuando en representación da entidade O Searín SCG e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Lucas Gómez Fernández, actuando en representación da entidade Asociación Cultural Ponte de Navia Non Caias e con domicilio social na rúa, lugar Navia de Suarna nº s/n CP27650, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Manuel Álvarez Cruz, actuando en representación da entidade Clube Navia de Suarna 4x4 e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. José Fernández Fernández, actuando en representación da entidade Club de Cazadores Murias de Rao e con domicilio social na rúa, lugar Murias de Rao nº s/n CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/D^a. Manuel Gómez López, actuando en representación da entidade Asociación Comisión de Festas de Navia de Suarna e con domicilio social na rúa, lugar Praza de

España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. José Mon Gómez, actuando en representación da entidade Club de Caza Vilaverde e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Xavier Gómez Santiso, actuando en representación da entidade Agrupación de Produtores de Carne de Alta Montaña (APROCAM) e con domicilio social na rúa, lugar Sabugos nº s/n CP27670, concello de Pedrafita do Cebreiro, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Berta Fernández Otero, actuando en representación da entidade Asociación Cultural O Santiago e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Ceferino López Mesa, actuando en representación da entidade Navia de Suarna Fútbol Sala e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. José María Rodríguez Gómez, actuando en representación da entidade CMVMC de Castañedo e con domicilio social na rúa, lugar Praza de España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Segundo López Carrera, actuando en representación da entidade CMVMC de Murias de Rao e con domicilio social na rúa, lugar Murias de Rao nº s/n CP27650, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Gerardo Rodríguez Fernández, actuando en representación da entidade Asociación Cultural Sementando de Navia de Suarna e con domicilio social na rúa, lugar Praza España nº 1 CP27658, concello de Navia de Suarna, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Obdulia Aira López, actuando en representación da entidade Asociación de Mulleres Labregas das Eiras e con domicilio social na rúa, lugar Rabaceira, nº 1 CP27671, concello de Pedrafita do Cebreiro, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. José Luis Lolo Celeiro, actuando en representación da entidade Federación de Asociacións de Persoas Con Discapacidade de Lugo (COGAMI) e con domicilio social na rúa, lugar Rúa da Luz nº 4 CP27002, concello de Lugo, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D/Dª. Mary Carmen Álvarez López, actuando en representación da entidade Asociación Profesional Agraria Xóvenes Agricultores e con domicilio social na rúa, lugar Avda. de Lugo nº 217 - Baixo CP15703, concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D/Dª. José Luis López Galán, actuando en representación da entidade Sindicato Labrego Galego e con domicilio social na rúa, lugar Miguel de Cervantes nº 47 - Esq. CP27003, concello de Lugo, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

4–PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO E CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA EN MESSAS SECTORIAIS.

Exponse a estrutura xeral e as liñas básicas que guían a estratexia, e faise lembranza da serie de reunións habidas con diferentes grupos para a elaboración da mesma. O obxecto da estratexia será “Asentar poboación con óptima calidade de vida”.

Os obxectivos xerais son os seguintes:

OX1: Dinamizar as actividades económicas do territorio, a través da mellora das xa existentes.

OX2: Xerar novas alternativas económicas que xeren emprego na zona.

OX3: Crear condicións de vida que faciliten vivir no territorio.

OX4: Fomentar o protagonismo e participación das comunidades, como obxectivo transversal en toda a estratexia.

Exponse a proposta da Mesa sobre a organización da asemblea nas Mesas Sectoriais, que é a seguinte:

1. MESA SECTORIAL AGROFORESTAL
2. MESA SECTORIAL EMPRESARIAL E DE DESENVOLVEMENTO RURAL
3. MESA SECTORIAL DA VIDA COTIÁ NOS POBOS
4. MESA SECTORIAL MEDIOAMBIENTAL
5. MESA INSTITUCIONAL

Como reflexión, coméntase que cada entidade debe estar anotada na mesa coa que a súa actividade teña relación.

5 – ELECCIÓN DE REPRESENTANTES.

Tras varias reunións previas por mesas sectoriais e votacións instrumentais, confórmase unha candidatura de xunta directiva, que pasa a ratificarse pola asemblea.

Queda conformada a xunta directiva da asociación polas seguintes persoas e cargos:

Presidente: José Fernández Gómez, da entidade COELPLAN SCG, representante das cooperativas agrarias.

Vicepresidente: José Espín Mejía , da entidade Concello de As Nogais

Secretario: Óscar Carrete Lage, da entidade Asoc. Buraca das Grellas, representante das asociacións xuvenís.

Tesoureira: Isolina Rodríguez López, da entidade Asoc. CDR Ancares

Vogalías:

- Representante Organizacións Profesionais Agrarias: Luis López Galán, da entidade Sindicato Labrego Galego
- ┘ Representante de Mulleres: Eva Pérez Álvarez, da entidade Asoc. de Mulleres Rurais Leticia.
- ┘ Representante da mesa Agroforestal: Ana Álvarez Fernández, da entidade O Searín SCG
- ┘ Representante da mesa Empresarial e Desenvolvemento Rural: Manuel Vázquez Torrón, da entidade Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel.
- ┘ Representante da mesa da Vida Cotiá: Ovidio Montaña Regueira, da entidade ANPA de Becerreá.
- ┘ Representante da mesa Medioambiental: José Antonio González Fernández, da entidade CMVMC de Ferramulín.
- Ramiro Martínez Carballosa, da entidade Asoc. de Montaña A Carqueixa.
- ┘ Manuel Gómez López, da entidade Asoc. Comisión de Festas de Navia.
- ┘ Juan Álvarez González, da entidade CMVMC de Valdenavallos, Doncos.
- Lois Manoel Toirán Vázquez, da entidade ADEGA.

Visto e conforme:

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 22:00 horas do día 12 de agosto de 2008.

I.4 RELACIÓN DE ASOCIADOS, CON IDENTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO. IMPLANTACIÓN NO TERRITORIO E REPRESENTATIVIDADE.

Na Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel contamos cunha representatividade por sectores, que aínda que nos comezos non é totalmente representativa, estamos camiñando cara elo. Existen asociacións interesadas en participar e que por falta de documentación ou por non estar presentes na Asemblea do día 12 non lles foi posible a súa integración como socias, pero amosan interese en facelo proximamente.

- . O Sector Agroforestal é un dos máis representados no territorio, está integrado por montes veciñais en man común, asociación agrarias, cooperativas, o sindicato labrego galego e una empresa de 1ª transformación da madeira. Sumando as entidades locais un total de 17 asociacións con 273 socios.
- . O Sector Empresarial e de Desenvolvemento Rural, a pesar que conta cunha representatividade escasa de 6 asociacións, están todas elas asentadas na zona, contando cun número elevado de socios e con previsión dunha maior implantación no territorio.
- . O Sector da vida cotiá e dos pobos, representa o sector máis heteroxéneo e diverso, un abano de asociacións dende clubs de caza, deportes, asociacións de veciños, culturais... representantes da vida diaria e cotiá dos nosos pobos.
- . O Sector Medioambiental representa no territorio o menor número de asociacións integradas na zona, por iso esta é unha das actuacións en que facer maior fincapé, como conservación de hábitats, contribución á biodiversidade, utilización sustentable dos recursos endóxenos.

ESTÁN INTEGRADAS A DATA 16 DE SETEMBRO DE 2008 NAS MESAS SECTORIAIS AS SEGUINTEAS ASOCIACIÓNS:

(Os códigos do tipo de entidade se recollen ao final da relación)

MESA AGROFORESTAL

Nº ENTIDADE	NOME	TIPO
6	SOCIEDADE DE CAZADORES “San Verísimo” DE CERVANTES	2.9
12	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MORCELLE	2.7
15	CMVMC DE PENA RABELA DE CASARES E VILAESTEBA	2.10
16	CMVMC ORREOS	2.10
20	O SEARÍN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	2.1
25	CMVMC DE VALDNAVALLOS, DONCOS	2.10
28	ASOCIACIÓN PROFESIONAL AGRARIA XÓVENES AGRICULTORES	2.4
30	CMVMC CAMPO DE CASTRO	2.10
32	CMVMC DE BARRACEDO E SEARAS, DE SAN PEDRO DE HERMO	2.10

37	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ROQUE DE OUSELLE	2.7
39	SINDICATO LABREGO GALEGO	2.4
45	CMVMC CASTAÑEDO	2.10
46	CMVMC DE FORO, DE SANTO TOMÉ	2.10
48	CMVMC MURIAS DE RAO	2.10
49	ASOC. DE EMPRESARIOS DA 1ª TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA	2.8
50	CMVMC DE VILAR DE MOUROS	2.10
52	CMVMC DE VILAR DE CUCOS	2.10
55	CMVMC MATELA	2.10
56	CMVMC XUNQUIÑAS MOREIRA	2.10
57	CMVMC POSO, CERVANTES	2.10

MESA EMPRESARIAL E DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Nº ENTIDADE	NOME	TIPO
1	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AS NOGAIS	2.8
19	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LEDICIA	2.5
23	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO GANDO	2.8
27	SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA A CARQUEIXA	2.1
35	COELPLAN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	2.1
38	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL SERRA DO COUREL	2.8

MESA DA VIDA COTIÁ E DOS POBOS

Nº ENTIDADE	NOME	TIPO
2	ASOCIACIÓN DE MULLERES LABREGAS DAS EIRAS	2.5
3	CLUBE NAVIA DE SUARNA 4X4	2.9
4	CLUB CAZADORES MURIAS DE RAO	2.9
5	CLUB DE CAZA VILAVERDE	2.9
7	FED. DE ASOCS. DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO(COGAMI)	2.11
8	ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS (ANPA)	2.12
9	ASOC. VECIÑAL –CULTURAL VALIÑA-AGÜEIRA	2.7
10	ASOCIACIÓN CULTURAL O TEIXEIRO	2.9
11	ANPA CEIP SAN XOAN	2.12
13	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DO VAL NEIRA	2.9
17	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS LÓNDREGA	2.7
18	S.D. BECERREÁ	2.9
22	ASOCIACIÓN CULTURAL O GATÍN	2.9
24	ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DE NAVIA DE SUARNA	2.9
26	ASOCIACIÓN DEPORIVA SAN XOÁN DE BECERREÁ	2.9
29	ASOC. XUVENIL BURACA DAS GRELLAS	2.6

31	ASOCIACIÓN CULTURAL SEMENTANDO DE NAVIA DE SUARNA	2.9
33	ASOCIACIÓN DE MONTAÑA A CARQUEIXA	2.9
36	ASOCIACIÓN CULTURAL ANXO EIRIZ	2.9
40	C.D.R. ANCARES	2.13
41	ASOCIACIÓN A COROA	2.9
44	NAVIA DE SUARNA FÚTBOL SALA	2.9
47	ADSG BECERREÁ	2.15
51	ASOCIACIÓN CULTURAL O SANTIAGO	2.9
54	CLUB DE XIMNASIA RÍTMICA E PATINAXE BECEREREÁ	2.9

MESA MEDIOMBIENTAL

Nº ENTIDADE	NOME	TIPO
14	ADEGA	2.8
21	ASOCIACIÓN PONTE DE NAVIA NON CAIAS	2.9
42	CMVMC DE VILAR	2.10
43	AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS DE FERRAMULÍN	2.14
53	CMVMC DE FERRAMULIN	2.10

MESA INSTITUCIONAL

Nº ENTIDADE	NOME	TIPO
34	CONCELLO DE AS NOGAIS	1.1

TIPO DE ENTIDADE OU COLECTIVO
1. ENTIDADES PÚBLICAS
1.1 CONCELLOS
1.2 OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS
1.3 OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS
2. ENTIDADES PRIVADAS
2.1 COOPERATIVAS (AGÁS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO)
2.2 SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN
2.3 SOCIEDADES LABORAIS E COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO
2.4 ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS
2.5 ASOCIACIÓNS DE MULLERES
2.6 ASOCIACIÓNS DE MOZOS/AS
2.7 ASOCIACIÓN DE VECIÑOS/AS
2.8 ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS/AS E PROFESIONAIS
2.9 ASOCIACIÓNS CULTURAI/RECREATIVAS.....
2.10 C.M.V.M.C.
2.11 CONFEDERACIÓNS
2.12 ANPA
2.13 SOCIAL

2.14 AGRUPACIONES PROPIETARIOS

2.15 ASOCIACIONES DEFENSA SANITARIA

I.5. ESTATUTOS

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES-COUREL.

TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Artigo 1. Denominación

Constitúese a Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel.

A asociación carece de ánimo de lucro e con capacidade xurídica e de obrar.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados/as nin outras persoas físicas ou xurídicas con fins ou interese lucrativos.

Artigo 2. Réxime legal

A asociación rexerase polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.
A asociación constitúese por tempo indefinido.

TÍTULO II. ENDEREZO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 3. Enderezo

A asociación fixa o enderezo social en Rúa Anovello s/n, no lugar de Becerreá, concello de Becerreá.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Baralla, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro, na provincia de Lugo, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5. Fins e actividades

1.- A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos/as mozos/as, ás mulleres, á protección do ambiente, á creación de emprego e ás actividades agrogandeiras e forestais, a partir de proxectos compatibles cos valores naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- b) Sensibilizar as administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona de cara ao seu desenvolvemento sustentable, harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endóxico, sostible e integral.

[Handwritten signatures and notes on the left side of the page:]
338265834
3386025A
33545610A
33838063A
33857324G

[Handwritten notes on the right side of the page:]
Luiti
33801026-4
33839204H
33819160K
33852580 F
33831161R

- d) Posibilitar entre os asociados/as e outros/as interesados/as o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento sustentable da zona, así como promover a súa aplicación.
- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

[Handwritten signature]

26-934-394
[Handwritten signature]

[Handwritten signature]
33779532

[Handwritten signature]
33760452

2.- Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a fixar poboación no rural, así como a fomentar a creación de emprego a partir dos proxectos compatibles cos valores naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento sustentable.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, de formación e animación, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona e contribúan ao descubrimento e experimentación de novos enfoques de desenvolvemento integral, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou multimedia, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- i) Facer un seguimento das iniciativas promovidas dentro do grupo, así como apoiar e asesorar aos/as promotores/as das mesmas.
- k) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio, seguindo uns criterios compatibles cos valores naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- l) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación, sendo prioritarios os proxectos que xurdan nas áreas rurais e/ou máis desfavorecidas e os que promovan a conservación do medio.
- m) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.

[Handwritten signature]
33250553

[Handwritten signature]
33272322

Ara Aboas
33319960K

[Handwritten signature]
33835586

TÍTULO IV. ASOCIADOS/AS

Artigo 6. Composición

1.- A "Asociación de Desenvolvemento Rural Ancarès-Courel" estará integrada polos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados que operen no ámbito territorial da asociación. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados/as.

Fos Páos
78579717K

[Handwritten signature]
33545610H

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión.

[Handwritten signature]
33832063 A

[Handwritten signature]
33857384C

[Handwritten signature]
360462667
[Handwritten signature]
33831161R

[Handwritten signature]

Artigo 7. Adquisición da condición de asociado/a

1.- Para que unha entidade adquira a condición de asociada deberá figurar na lista de fundadores por participación no acto de constitución da asociación, ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao/a presidente/a no que manifeste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa, titular e suplente, que a representará na asociación. En ningún caso unha mesma persoa poderá representar nos órganos de decisión a máis dunha asociación.

26-1934-39

2.- Cando unha entidade candidata a ser asociada non teña o seu domicilio social ou local aberto no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial mediante unha memoria.

3.- Cando unha entidade solicite a entrada na asociación deberá acreditar como mínimo un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

4.- O presidente/a trasladará a solicitude á xunta directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo, se é o caso, ao solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

[Handwritten signature]
33301046-11

5.- Non adquiren a condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa asociación.

[Handwritten signature]
33800888
33800888

Artigo 8. Perda da condición de asociado

A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado:

- a) Por renuncia voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao presidente/a.
- b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica representada na asociación.

[Handwritten signature]
333392044

[Handwritten signature]
33860252

Artigo 9. Dereitos dos asociados/as

Os asociados/as teñen os seguintes dereitos:

- a) Os seus representantes poderán ser electores e elixibles para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na asemblea xeral.
- c) Obter información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación, así coma calquera aspecto da marcha da asociación que lle poda resultar de interese.
- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da asociación.
- f) Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

[Handwritten signature]
Ava Alva
333199606

[Handwritten signature]
76579777K

[Handwritten signature]
335456101E

[Handwritten signature]
33852580F

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

[Handwritten signature]
33232063 A

[Handwritten signature]
333573846
360467067

[Handwritten signature]
338311612

Artigo 10. Obrigas dos asociados/as

Son obrigas dos asociados/as:

- a) Satisfacer a cota de entrada e, no seu caso, a de mantemento.
- b) Asistir ás asembleas xerais e demais actos que se organicen, e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- h) Prestar cantos servizos determinen os estatutos, o regulamento de réxime interno e os acordos da asemblea xeral para contribuir ao logro dos fins sociais.

TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Órganos da asociación

Os órganos colexiados da asociación son, como mínimo, a asemblea xeral, a xunta directiva e as mesas sectoriais. Procurarase a paridade de xénero na xunta directiva.

Os órganos unipersoais son, como mínimo, o/a presidente/a, o/a vicepresidente/a, o/a secretario/a e o/a tesoureiro/a. Os titulares destes órganos son elixidos pola xunta directiva de entre os seus membros, por un período de dous anos e poden ser reelixidos/as ata un máximo de oito anos consecutivos.

Artigo 12. Asemblea xeral: composición e funcións

1.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os asociados/as.

2.- A asemblea xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Examinar e aprobar as contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación ou rexeitamento da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Aprobar no seu caso a xestión da xunta directiva.
- d) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- e) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
- f) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado de calquera deles.
- g) Decidir sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola xunta directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- h) Constitución de federacións ou integración nelas.
- i) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC
- l) Aprobación do regulamento de réxime interior.
- m) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- n) Disolución da asociación.
- o) Disposición ou alleamento de bens.



36.09.34-391



N.338.928.43
333



33360250



7657977K



33345610K



33838663 K


338573846
36546266 Z


33231161 R
4


3330576-11


3335920H


Alicia AS
33319960K
3382280F

Artigo 13. Asemblea xeral: convocatorias

1.- A asemblea xeral reunirase con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizarase por escrito o/a presidente/a con dez días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria e a documentación necesaria para o bo desenvolvemento da mesma.

2.- A asemblea xeral reunirase con carácter extraordinario mediante convocatoria do/a presidente/a, por propia iniciativa, por acordo da xunta directiva ou cando o solicite un número de asociados/as non inferior ao 10%. A petición dos/as asociados/as realizarase mediante escrito dirixido ao/a presidente/a, autorizado/a coa sinatura dos/as peticionarios/as, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os/as peticionarios/as poderán facer a convocatoria. A asemblea xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un/unha presidente/a e un secretario/a.

3.- As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados/as e, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados/as concurrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen máis do 50% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario/a co visto e prace do presidente/a.

Artigo 14. Asemblea xeral: adopción de acordos

1.- Cada asociado terá dereito a un voto. A representación dos asociados será en todo caso presencial. Non se poderá delegar a representación dun asociado no representante doutra asociación. No caso de que representante titular ou o suplente dun asociado non poidan asistir á convocatoria, delegará por escrito a representación da súa organización noutro/a socio/a da mesma organización mediante acordo da xunta directiva correspondente.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) inclusive do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos/as asociados/as presentes. Requirirase maioría dos dous terzos dos asociados/as presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12.

3.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os/as asociados/as, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a.

Artigo 15. Xunta directiva: composición


1.- A xunta directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

2.- A xunta directiva da asociación estará formada polos representantes dos asociados/as elixidos/as pola asemblea xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a asemblea xeral lle outorgue a cada unha delas. Constará dun máximo de 19 membros. En todo caso, na xunta directiva deberán estar representadas, cando menos, as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos/as, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas agrarias que formen parte da asociación. O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público.

3.- A metade dos membros renovarase cando transcorra dous anos dende a constitución da asociación e a partir de aí cada ano renovarase aos que leven dous anos elixidos. A primeira renovación corresponderalle ao/a presidente/a, ao/a tesoureiro/a e a unha metade dos vogais; correspondendolle na segunda ao/a vicepresidente/a, ao/a secretario/a e a outra metade de vogais.

4.- Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción ou baixa na asociación da



36-930239



Remio M. Carballa
33 926 953 V





33060265-A


76579717K



35545610


33838063A


33857384G
360162667


33831161R


3350126-H


33392511A
33355555

Ava Alo
33319960K


3382580F

entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen, por incumprimento das súas obrigacións conforme ao establecido no punto 5 deste artigo ou por acordo da asemblea xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao/a sucesor/a e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

5.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados/as que elixa a asemblea xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

6.- Os membros da xunta directiva que, sen causa xustificada, non participen directamente nas reunións da mesma durante dúas convocatorias consecutivas ou cinco alternas, cesarán dos seus cargos e serán reempzados na primeira asemblea xeral que se celebre.

Artigo 16. Xunta Directiva: funcións

A xunta directiva é o órgano competente para:

- Executar os acordos da asemblea xeral.
- Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.
- Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades e sometelos a aprobación da asemblea xeral.
- Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os/as asociados/as.
- Elaborar o regulamento de réxime interior.
- A admisión e separación de asociados/as.
- Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola asemblea xeral.
- Acordar as convocatorias das asembleas xerais extraordinarias.

Artigo 17. Xunta directiva: convocatoria e adopción de acordos

1.- A xunta directiva reunirse cada dous meses ou en calquera momento mediante convocatoria do presidente/a, por propia iniciativa ou a instancia motivada dun mínimo de tres dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concurrentes. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ostenta un voto, que non poderá delegar noutro membro da xunta directiva.

4.- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

Artigo 18. Presidente/a

O/a presidente/a ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da asemblea xeral, da xunta directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.

[Handwritten signature]
30-02-2011
33-916-933 V
33-916-933 V

[Handwritten signature]
33301946-11
3333725411
3333725411

[Handwritten signature]
33860225 Q

[Handwritten signature]
Ara Alvar
33319960K
33825280F

[Handwritten signature]
76579717K
33345610

[Handwritten signature]
33838063 A

[Handwritten signature]
33897384G
2607211E

[Handwritten signature]
338311612

- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co/a tesoureiro/a.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo/a secretario/a, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da xunta directiva ou da asemblea xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

Artigo 19. Vicepresidente/a

O/A vicepresidente/a, en ausencia do/a presidente/a, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este/a.

Artigo 20. Secretario/a

Ao/A secretario/a correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do/a presidente/a.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do/a presidente/a.
- g) Redactar a memoria anual da asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

Artigo 21. Tesoureiro/a

Ao/A tesoureiro/a correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo/a presidente/a.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

Artigo 22. Mesas sectoriais

1.- Os asociados/as integrados na asemblea xeral organizaranse no nº de mesas sectoriais que estableza a asemblea xeral.

2.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concebir, para elevar propostas á asemblea xeral.

[Handwritten signature]
360934391

[Handwritten signature]
338265532

[Handwritten signature]
35860250

[Handwritten signature]
3380076-H

[Handwritten signature]
33833333

[Handwritten signature]
33319960K

[Handwritten signature]
7657977K

[Handwritten signature]
33545610H

[Handwritten signature]
3382580F

[Handwritten signature]
33838063A

[Handwritten signature]
33753324G
360862867

[Handwritten signature]
33831161R

3.- A asemblea xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na xunta directiva. Os representantes das mesas na xunta directiva serán elixidos pola asemblea xeral por proposta de cada mesa.

TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 23. Réxime económico e patrimonial

1.- No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- Achegas económicas dos/as asociados/as.
- Doazóns, subvencións, legados e heranzas.
- Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 24. Disolución

1.- A asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso,

- por sentenza xudicial,
- por acordo tomado en asemblea xeral convocada ao efecto,
- por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais,
- por ter realizado o fin para o que se constituíu
- polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na asemblea xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da xunta directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta asociación.

Diposición Adicional

En tanto non se desenvolva a estrutura participativa das mesas sectoriais que aparece prevista nos estatutos, a xunta directiva elixida na asemblea constituínte terá a maior representatividade posible, tanto territorial como sectorialmente, e terá carácter provisorio, co cometido de poñer en marcha a asociación e os seus órganos.

[Handwritten signature]
364934391

[Handwritten signature]
33810985

[Handwritten signature]
33660050

[Handwritten signature]
3330546-H

[Handwritten signature]
33355533

[Handwritten signature]
33832063 A

[Handwritten signature]
338973846

[Handwritten signature]
310162662

[Handwritten signature]
33545610 W

[Handwritten signature]
76579717K

[Handwritten signature]
33319960U

[Handwritten signature]
3355204F

[Handwritten signature]
33831161 R

I.6. Rexime interno---→pendente de retificar ,polo tanto non entrera no exame.

I.7. INFORME SOBRE O GRAO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL NA ELABORACIÓN DO PROGRAMA.

A participación é un obxectivo xeral do proxecto, tanto na fase de elaboración como na posta en marcha do mesmo.

Dende o primeiro convocáronse xuntanzas abertas nas que se debateron os estatutos punto por punto. Tivo lugar unha primeira asemblea pre-constituente na que se escolleu unha xunta xestora que asumiu o compromiso de elaborar a estratexia contando coa colaboración do maior número posible de entidades e grupos do territorio. Este grupo, para recoller os intereses, as preocupacións e as propostas de todos realizou encontros individuais con todos os representantes municipais e colectivas con todas as asociacións legalizadas no territorio. As xuntanzas foron largas e participativas, criáronse debates interesantes e delas saíron non só os obxectivos xerais senón tamén as accións propostas na estratexia.

Hai que dicir que a participación en asembleas masivas é difícil debido: os desprazamentos son largos, a xente traballa moitas horas (as explotacións agropecuarias tal e como funcionan na actualidade non deixan tempo libre), hai pouco costume de traballo asociativo...por iso en todo o proxecto se establecen moitos medios para achegarse aos pobos e ir criando tecido participativo.

A primeira xestora creou un correo electrónico (gdr5ancarescoures@gmail.com) e un blogg (<http://gdr5-ancarescourel.blogspot.com>) que pretendían servir de espazos de achegamento entre as entidades. Botábase en falta estas posibilidades de intercambio, as entidades do territorio non se coñecen entre si dado que o anterior LEADER non realizou este traballo de integración. Queda aínda moito traballo por facer...

Xuntanza da directiva pre-constitutiva.	Casa da cultura de Becerreá o 2 de agosto	A Asemblea pre-constitutiva	Convocatoria o mesmo día da Asemblea	19 membros elixidos na Asemblea pre-constitutiva. 7 representantes de concellos e 12 de asociacións	Toma das primeiras decisións e organización das primeiras liñas de traballo	Repetir a Asemblea e elección de un grupo de traballo que preparese a nova Asemblea e preparese o borrador da estratexia.
Xuntanzas do grupo de traballo.	Oficinas de Extensión Agraria de Becerreá: 4 de agosto. Casas particulares: 18 e 25 de agosto	O propio grupo	Boca a boca e por teléfono	6	Organizar o programar todo o traballo a seguir ata a asemblea e elaboración do proxecto	
Xuntanza con cada un dos alcaldes	Caurel : 28 de agosto. Pedrafita: 29 de agosto. Navia. 2 de Setembro. Baralla: 3 de setembro. Becerreá: 3 de setembro. Cervantes: 5 de setembro	O propio grupo	Chamadas por telefono	6	Recoller propostas de organización da futura asociación e liñas para o proxecto	
Xuntanzas coas asociación.	Pedrafita e Caurel: 4 setembro. Nogais, Baralla e Becerreá: 3 de setembro. Navia e Cervantes: 4 de setembro	O propio grupo	Boca a boca , por teléfono e por correo	Pedrafita: 4. Caurel: 9. Nogais: 5. Baralla: 10. Becerreá: 12. Navia: 9. Cervantes: 11	Recoller propostas de organización da futura asociación e liñas para o proxecto	
Xuntanzas cos grupos de traballo	Casas particulares: 8 e 10 de setembro	O propio grupo	Chamadas por telefono	6	Análises dos datos recollidos e preparación inmediata	
Asemblea xeral	Casa da cultura: 12 de Setembro	O propio grupo	Boca a boca , por teléfono e por correo	69	Constitución da asemblea. Aprobación de estatutos.	

II.- O PROXECTO

II.1.DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTO E POTENCIALIDADES

A análise histórica e sociolóxica mostra que os pobos colectivos ou zonas só progresan axeitadamente cando deixan de estar demasiados subdivididos e tutelados. É necesario que a poboación asuma a parte de responsabilidade que lle corresponde nos déficits do seu desenvolvemento.

A dependencia, a baixa autoestima a pouca valoración (cando non desprezo) do propio, a pouca confianza nas propias posibilidades e nas dos/as veciños/as constitúe un substrato que se da nunha porcentaxe importante nos habitantes da zona, que está condicionando negativamente (nalgúns casos impedindo) a realización de proxectos positivos, innovadores e eficaces. É necesario actuar sobre esta rémora como paso previo e-ou simultáneo a calquera proxecto de transformación social ou económico da zona.

Un proceso de transformación desde a acción, contraria ós cursos prefabricados dende arriba. Trátase de converter a acción no instrumento pedagóxico primordial. É un proceso lento que ha de respectar tanto a preparación como a avaliación das accións.

O protagonismo e a participación da poboación constitúen, pois, un obxectivo transversal e prioritario desta estratexia que vai a esixir de todo o GDR e de todo o equipo técnico.

A realidade da zona caracterízase por unha baixa accesibilidade e deficiente dotación de infraestruturas de todo tipo, cun volume importante de poboación envellecida e dispersa e de movementos migratorios de proximidade aos núcleos urbanos.

Contamos nesta terra cun recurso fundamental que é a existencia dun entorno ambiental e social agradable polo que é urxente asegurar a súa subsistencia e facer desta diversificación do entorno rural unha mellora na calidade de vida dos seus habitantes.

Polo tanto, necesitamos un proceso de transformación desde a acción, contraria ós cursos prefabricados dende arriba. Trátase de converter a acción no instrumento pedagóxico primordial. É un proceso lento que ha de espetar tanto a preparación como a avaliación das accións.

O protagonismo e a participación da poboación constitúen un obxectivo transversal e prioritario desta estratexia que vai a esixir de todo o GDR e de todo o equipo técnico. Unha actitude de empatía e cercanía con todos/as os/as veciños/as. O grupo non pode ser un filtro máis para acceder a subvencións; ha de ser visibilización da organización dos/as veciños/as no procura de obxectivos compartidos. A poboación é a destinataria e o mesmo tempo a co-responsable do grupo xunto coa administración-

Unha metodoloxía activa, onde o grupo e os/as técnicos non estean nas oficinas esperando a que cheguen as solucións; han de estar alí onde os problemas, os recursos e a

vontade dos/as veciños/as apunten posibilidades de avance, claro que nunca suplantando senón que animando e asesorando.

II.2.Análise da situación de partida do territorio, descrición, problemática, necesidades, recursos, posibilidades, ect.

II.2.1.Agricultura-Gandería.

Descrición da realidade:

- 1373 explotacións da vacún de carne, 63 vacún de leite.

- a) Explotación de gando moi pequenas (12 vacas) cunha base territorial m y minifundista.
- b)manexo anticuado e minifundista.
- c) aumento do aproveitamento do monte (7579 Ha (herbais), 16019 Ha (pastos))
- d) incrementáanse as explotación colectivas
- e) Pouco recoñecemento da calidade dos produtos da zona.
- f) Liñas de porcino sen desenvolver
- g) Liñas de caprino e ovino moi pouco desenvolvidas non rendibles.
- h) Hortas familiares sen interés económico

Déficits-

- a)Faltan industrias de primeira transformación
- b) Non hai marcas ou selos de denominación orixe ou calidade.
- c) Artellamento de sistemas de comercialización en conxunto
- d) Sistemas de traballo comprometido para xerar tempo libre.

II.2.2. Forestal.

Realidade:

- a) Base territorial forestal moi pequena
- b) Pouco interés económico polo monte
- c) Montes privados moi parcelados que imposibilitan a súa explotación
- d) Soutos: 219 Ha de soutos desaproveitados con mercados moi variables.

Déficits

- a) Xestión comunitaria e ordenada por parte da comunidade que----
- b) Industrias de primeira e segunda transformación da madeira
- c) Falta de experiencias de explotación do monte e---

d) Non hai una cultura do coidado e promoción da madeira de calidade.

II.2.3.Medioambiente.

Realidade

a) Riquezas paisaxística e medioambiental sen parangón pero con planes e coidados moi deficientes.

b) Carencia de lexislación específica de conservación do medio en referentes os parques

c) - Patrimonio cun valor incalculable, totalmente descoidado e cunha forma de xestión allea

d) Deterioro dos ríos que leva a perda de importantes ingresos económicos.

e) Xestión da caza de forma que non crea ingresos económicos.

Déficits

a) Non hai recoñecemento do valor dos recursos naturais, etnográficos, culturais...

b) Carencia de actividades turísticas que enganhen ó visitante

c) Non hai establecementos axeitados a todas as posibilidades

II.2.4.Turismo.

Realidade

a) Fonte importante de ingresos do camiño de Santiago.

b) Descoido xeral do patrimonio natural, etnográfico...

c) Oferta de hospedaxes moi limitados.

Déficits

a) Non hai recoñecemento do valor dos recursos naturais, etnográficos, culturais...

b) Carencia de actividades turísticas que enganhen ó visitante

c) Non hai establecementos axeitados a todas as posibilidades

II.2.5.Servizos a comunidade.

Realidade

Total 13.760

a) 5777 maiores que non queren saír da súa casa.

b) Moi poucos servizos e moi rixidos de atención os maiores e non pensados para o medio rural.

c) Pouco servizos de apoio os/as nenos/as tanto no lecer como no cultural e deportivo

Déficits

a) Carencia de calquera tipo de centro (día, noite, cáterin lavandería..)

b) Carencia das medidas mínimas para diminuídos tanto públicos como privadas.

c) Non hai medida de integración social e laboral para os/as discapacitados/as .

d) Non hai asociación nin empresas que xestionen os servizos que se poden prestar a sociedade: maiores, xuventude, deportivos.

II.2.6. Infraestruturas.

-VIARIAS.

- Apreciase unha mellora significativa das redes viarias

- Hai pobos con dificultades de accesos e mal -----

- Desaparecen camiños veciñais e municipais.

- ABASTECIMIENTO DE AUGA: faltan traídas en bo estado e con mantemento delas moi escaso.

-SANEAMIENTO: - Falta depuradoras.

- ALUMEADO E SUMINISTRO ELECTRICO.

-Energía deficiente de rede e baixa tensión en moitos núcleos rurais.

II.2.7. Novas tecnoloxías.

- Telefono con melloras insuficientes nos últimos tempos.

- Banda ancha accesible a moi poucos/as cidadáns/as

II.2.8. Sanidade.

- Escaseza de persoal sanitario en xeral e falta de especialistas.

- Gardas nocturnas só en Becerreá

- Moita distancia os centros sanitarios

- Transporte das persoas para acudir ós centros médicos

II.2.9.Educación

- Perdida de centros de primaria – posible peche de centros de secundaria
- Non hai posibilidades de apoio académicos extraescolares.
- Formas de educación e esquemas urbanos nun medio rural, desprezando o propio.
- Falta de actividades en moitos núcleos rurais

II.2.10. Servizos sociais.

- Traballador/a sociais xeneralizado nos concellos.
- Axuda a domicilio xeneralizado
- A axuda a domicilio é moi limitada no mundo rural. Son creado forma urbana e non se adaptan ás necesidades da montaña
- Persoas maiores que son obrigadas a marcharse ás cidades porque non hai quen os atenda.

II.2.11.Transporte

- Transporte escolar aceptable
- Transporte público en xeral en moitas zonas da comarca inexistente.

II.2.12.Cultura

- Esfuerzo por parte de algún colectivo en recuperar tradicións.
- perdida progresiva da cultura da zona, pola invasión de culturas esóxenas.
- Bibliotecas que non son operativas na forma en que están concibidas.

II.2.13. Lecer e tempo libre

- Accións puntuais de algunha asociación para promover actividades para nenos/as e maiores.
- Non existen espazos onde se reúnan os cidadáns/ás para convivir.

II.3. OBXECTIVOS

II.3.1.Obxecto.

Fixar poboación con condicións de vida aceptables.

II.3.2.Obxectivos xerais e específicos.

OBXECTIVOS XERAL 1 Participación,proactividades

O E1.1. Aumentar a implicación proactiva da poboación nas accións para o desenvolvemento da zona.

O E 1.2.- Reducir os efectos da rémora antropolóxica existente no territorio coñecida como “cultura da norte”.

OE 1.3.- Aumentar acción colectivas

OBXECTIVOS XERAL 2.- Mellorar o que ata agora produciu (beneficios económicos) para a poboación.

OE 2.1 Mellorar o dimensionamento e a estensificación das explotación priorizando as actuacións colectivas nos sectores gandeiros tradicionais.

OE 2.2. Potenciar as produción gandeiras alternativas á principal, como ovino, cabrún e o porcino.

OE 2.3 Mellorala calidade dos produtos gandeiros e os seu recoñecemento comercial.

OE 2.4 Mellorar los sistemas de comercialización priorizando actuación colectivas

OE 2.5 Aumentar e mellorar o número de industrias de transformación dos sectores tradicionais.

OE 2.6 Aumentar a xestión local dos montes (propietarios forestais, empresas locais, etc.)

OE 2.7 Mellorar o dimensionamento das parcelas forestais.

OE 2.8 Mellorar o aproveitamento integral dos produtos do monte.

OE 2.9 Desenvolver as posibilidades económicas deste sector

OE 2.10 Dotar a zona dunha figura de protección axeitada

OE 2.11 . Aumentar a zona de influencia de economía xerada polo camiño de Santiago.

OE 2.12 Poñer en valor o patrimonio natural, etnográfico... da zona.

OE 2.13 Aumentar a diversificación de oferta de aloxamento.

OE 2.14 Crear do destino turístico integrado Ancares-Caurel que responda á identidade do territorio.

OE 2.15 Crear servizos de permanencia dos/as vellos/as no fogar.

OE 2.16 Crear servizos de apoio adaptados á ---- nenos/as, mulleres, dependencia....

OX 3.- AGRICULTURA E GANDEIRÍA

OE. 3.1 Promover e potenciar industrias de transformación novidosas dos produtos agrarios.

OE 3.2 Crear formulas novidosas de comercializar

OX3 Forestal

OE 3.3.- Promover e potenciar industrias de transformación da madeira e outros produtos forestais.

OE 3.4 Conseguir criterios de discriminación positiva nas administración (subvencións) para as condicións desta zona.

OX3 Turismo

OE 3.5 Mellorar a oferta turística complementaria ao aloxamentos

OE 3.6 Aumentar as capacidades de presión/reivindicación ante a administración e de busca de solución locais para os problemas de inserción dos colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade...).

OX 4 CALIDADE DE VIDA

OX4 INFRAESTRUCTURAS

OE 4.1 Mellorar as condicións de accesibilidade no territorio.

OX4 NOVAS TECNOLOXÍAS

OE 4.2 Universalizar o acceso ás novas tecnoloxías

OX 4 Sanidade

OE 4.3.- Mellorar en calidade e cantidade os servizos sanitarios.

OE 4.4 Reducir os custes de acceso (transporte) aos servizos sanitarios.

OX 4 EDUCACIÓN.

OE 4.5.- Garantir a persistencia do sistema educativo no territorio.

OE 4.6 Reducir o fracaso escolar

OE 4.7 Transmitir visión en positivo e de futuro á mocidade a través do sistema educativo.

OX 4 SERVIZO SOCIAIS.

OX 4 TRANSPORTE

OE 4.8 Mellorar o sistema transporte colectivo

OX4 MEDIOAMBIENTE

OE 4.9 Mellorar a autoxestión ou integración da poboación na xestión medioambiental

OE 4.10 Potenciar a recuperación integral de espazos degradados e zonas sensibles e deterioradas.

OE 4.11 Mellorar o aproveitamento económico do medio ambiente (caza, guías..)

OX 4 CULTURA

OE 4.12 potenciar as expresións de cultura viva tradicional

OX 4 TEMPO LIBRE

OE 4.13 Aumentar a dispoñibilidade de actividades para nenos/as e maiores.

OE 4.14 Aumentar o tempo libre para as mulleres.

OE 4.15 Crear espazos de encontro para os cidadáns especialmente mulleres e nenos/as

II.4. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

OBXECTIVO S A ACADAR	ACCIÓNS A DESENVOLVER	LOCALIZACIÓ N	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCIÓNS: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
1 OE 3.3 Diversificar a actividade agraria cara novas formas de aproveitamento dos recursos naturais.	1.1 Proxectos de recuperación de variedades tradicionais.	Todo o territorio.	Agricultores/as, CMVMC, asociacións de propietarios, cooperativas.	Proxectos de recuperación de sementes, produción e venda de variedades tradicionais (nogais e cerdeiras de floración tardía, etc). Proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos	Xustificación da variedade como variedade local.	P	50000	75000
	1.2 Proxectos de mellora enerxética nas explotacións.	Todo o territorio.	Agricultores/as, CMVMC, asociacións de propietarios, cooperativas.	Proxectos de aproveitamento enerxético dos residuos da explotación. Implantación de Enerxías Renovables para o aproveitamento na explotación.		P	100000	190000
	1.3 Proxectos agrosilvopastoris e outras actuacións singulares	Todo o territorio.	CMVMC, agricultores/as e agrupacións dos mesmos	Proxectos de implantación de sistemas agrosilvopastoris de carácter colectivo ou individual en superficies de monte común.		P	200000	250000
	1.4 Proxectos de diversificación cara producións agrarias singulares.	Todo o territorio.	CMVMC, agricultores/as e agrupacións dos mesmos	Proxectos de produción de prantas ornamentais e forestais para repoboacións adaptadas ás condicións da montaña. Proxectos de producións extensivas en áreas mediambientalmente sensíbeis. Proxectos que impliquen a introdución de novas técnicas de produción		P	50000	90000
2 OE 2.5: Ampliar e mellorar a transformación de produtos nos sectores tradicionais	2.1 Proxectos de transformación de produtos agrarios.	Todo o territorio.	Particulares, Cooperativas.	Pequenos proxectos de transformación de produtos agrarios de carácter tradicional, ou innovador. Proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos procesos agrarios	Produto final resultante incluído no Anexo I.	P	400000	650000
	2.2 Proxectos de transformación de produtos forestais	Todo o territorio.	Agricultores/as, CMVMC e empresas.	Pequenos aserradoiros fixos ou móbiles, outras empresas de transformación primeira da madeira. Proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos procesos forestais	Produto final resultante incluído no Anexo I.	P	100000	150000
3 OE 2.4: Mellorar o sistema de comercialización dos produtos agrarios.	Proxectos de comercialización de produtos agrarios e forestais.	Todo o territorio.	Cooperativas, agricultores/as, asociacións de produtores.	Proxectos de comercialización individual ou conxunta de produtos agrarios. Creación de redes de comercialización. (Ex: creación de páxinas web para comercialización directa, etc).		P	100000	140000
4 OE 4.2: Universalizar o acceso ás novas tecnoloxías	Proxectos de aplicación das TICs nas explotacións	Todo o territorio.	Agricultores/as, cooperativas, asociacións de produtores	Proxectos de implantación de sistemas informáticos e acceso ás TIC para aplicación nas explotacións agrarias e empresas de primeira transformación. Proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos procesos agrarios		P	50000	55000

- 1 Para acadar os obxectivos propostos desenvolveranse unha serie de actuacións, que poden ser máis de unha por cada obxectivo, que se recollerán na celda "Accións a desenvolver".
- 2 En canto á definición da localización e dos promotores das diferentes accións deseñadas, preténdese que o GDR faga unha reflexión sobre as zonas en que poden executarse ou xurdir esas actuacións.
- 3 No apartado de axuda pública e gasto privado débese recoller unha estimación ou previsión dos fondos que se van a dedicar ás actuacións.

4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA										
OBXECTIVOS A ACADAR	ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCIÓNES: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (miles de €)	
1.	OE 3.5 Mellora a oferta turística asociada ao aloxamento	1.1	Creación ou mellora de empresas de servizos turísticos.	Todo o territorio	Particulares.	Creación de empresas de actividades turísticas e pequenas infraestruturas de apoio a actividades turísticas.	P	150000	262500	
		1.2	Casas de Labranza e outras modalidades de establecementos asociadas a unha actividade cultural, recreativa, educativa, etc.	Todo o territorio	Agricultores/as		P	500000	875000	
		1.3	Proxectos de aproveitamento para o turismo e o lecer de áreas e recursos do territorio	Todo o territorio	Concellos, asociacións e outras entidades.	Proxectos de acondicionamento para aproveitamento para o turista de áreas ou recursos de riqueza natural, cultural, etnográfica, histórica, etc.	NP	500000	338700	
2.	OE 2.13 Mellorar a calidade no sector turístico	2.1	Mellora de establecementos de aloxamento na oferta de actividades e no entorno.	Todo o territorio	Titulares de casas de turismo rural, hoteis e outros tipos de empresas de aloxamento.	Acondicionado do entorno de establecementos turísticos, e instalación pequenas infraestruturas de soporte de actividades (xogos, etc).	Estar en activo como empresa de aloxamento turístico cunha antigüidade alomenos de 5 anos.	P	250000	4375000
		2.2	Información e Sinalización de lugares turísticos	Todo o territorio	Concellos, asociacións e outras entidades.	Centros de atención e información ao turista, e sinalización de lugares de interese turístico.		NP	100000	67740
		2.3	Proxectos de promoción e diferenciación territorial para o turismo.	Todo o territorio	Asociacións de empresarios e outras entidades.	Proxectos de divulgación do territorio ou os seus recursos, do complexo turístico integral do mesmo.proxectos de servizos á poboación no ámbito da diversificación das explotacións agrarias como fomentar actividades turísticas relacionadas coas exp. agrarias	Proxecto integrador de todo o sector turístico da zona ou recurso que se promova.	NP	50000	33870
3.	OE 2.5: Ampliar e mellorar a transformación de produtos nos sectores tradicionais.	3.1	Creación, modernización e mellora de pequenas industrias de transformación de produtos agrarios e forestais	Todo o territorio	Produtores tradicionais de embutidos, queixo, mel, etc. Empresas existentes do sector	Inversións en pequenas industrias agroalimentarias, da segunda transformación da madeira e da biomasa.proxecto de elaboración e venda de produtos artesanais	P	800000	1400000	

4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA										
OBXECTIVOS A ACADAR		ACCIÓNS A DESENVOLVER		LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRINCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (miles de €)
4.	OE 4.9 Mellorar a autoxestión ou a integración da poboación na xestión do medio ambiente.	4.1	Plans de xestión de recursos naturais privados	Todo o territorio	Asociacións e outras entidades NL	Elaboración de planes técnicos de xestión de recursos naturais de ámbito privado.		NP	50000	33870
		4.2	Proxectos de educación e sensibilización ambiental	Todo o territorio	Asociacións e outras entidades NL	Proxectos para a sensibilización e educación en aspectos relacionados coa conservación do medio ambiente		NP	50000	33870
5.	OE 4.11 Mellorar o aproveitamento económico do medio ambiente	5.1	Proxectos novidosos de mellora do rendemento económico da caza e pesca e a súa integración co turismo	Todo o territorio	TECORES, asociacións e outras entidades NL.	Proxectos singulares de valorización económica da caza e a pesca.		NP	50000	33870
6.	OE 4.12 Potenciar as expresións da cultura viva tradicional	6.1	Proxectos de recuperación de tradicións.	Todo o territorio	Concellos, asociacións e outras entidades NL.	Proxectos de recuperación de xogos, música, cantigas, historias, etc, tradiconais. (Museos, recompilacións, estudos, etc)		NP	50000	33870
		6.2	Proxectos singulares de traspaso de coñecementos, do saber facer.	Todo o territorio	Concellos, asociacións e outras entidades NL, particulares.	Proxectos de recuperación do saber facer, dos coñecementos sobre a vida cotiá, a cultura, etc.		NP	50000	33870
		6.3	Proxectos agrosilvopastoris en zonas comunais non produtivos	Todo o territorio	CMVMC, agrupacións de propietarios	Proxectos de carácter non produtivo, de conservación de sistemas pastorís tradicionais		NP	300000	203220
7.	OE 2.15: Adaptar as actividades de servizos á poboación ás condicións da montaña.	7.1	Empresas de servizos á poboación adaptadas ás condicións da montaña.	Todo o territorio	Particulares i empresas	Empresas de axuda ao fogar, centros de día, gardarías, vivends comunitarias, etc.Proxectos de elaboración e venda de produtos artesanais		P	300000	525000
		7.2	Proxectos de servizos á poboación	Todo o territorio	Concellos, asociacións e outras entidades NL.	Proxectos de pequenas infraestruturas de lecer para nenos, mozos, mulleres e vellos; locais sociais; centros de recursos para persoas con discapacidade.Proxectos de servizos á poboación no ámbito de diversificación das explotacións agrarias	Entidades Non Lucrativas.	NP	300000	203220
		7.3	Proxectos de acondicionado de unidades produtivas ás persoas con discapacidade	Todo o territorio	Empresas, explotacións, asociacións e concellos.	Adaptacións das instalacións das diferentes entidades ás condicións das persoas con discapacidade.		NP	100000	67740
8.	OE 2.8 Mellorar o aproveitamento integral do monte e as posibilidades económicas.	8.1	Creación, modernización e mellora de empresas forestais.	Todo o territorio	Empresas de explotación e servizos forestais.	Proxectos de integración de xestión de calidade nas empresas forestais e inversións asociadas.		P	400000	700000

4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA								
OBXECTIVOS A ACADAR	ACCIÓNS A DESENVOLVER	LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (miles de €)

- 1 Para acadar os obxectivos propostos desenvolveranse unha serie de actuacións, que poden ser máis de unha por cada obxectivo, que se recollerán na celda "Accións a desenvolver".
- 2 En canto á definición da localización e dos promotores das diferentes accións deseñadas, preténdese que o GDR faga unha reflexión sobre as zonas en que poden executarse ou xurdir esas actuacións.
- 3 No apartado de axuda pública e gasto privado débese recoller unha estimación ou previsión dos fondos que se van a dedicar ás actuacións.

II.5.INDICADORES DE RESULTADOS

CORRESPONDENCIAS INDICADORES - ACTUACIÓNS		
Medida	Accións a desenvolver	Correspondencia
411	Proxectos de introducción de novas técnicas de produción	
	Proxectos de recuperación de variedades tradicionais	1.1.
	Produccións extensivas en áreas medioambientalmente sensíbeis	
	Proxectos de mellora da eficiencia enerxética das explotacións	1.2.
	Proxectos de aplicación das TICs nas explotacións	4.1.
	Aumento do valor económico dos montes	1.3. , 1.4.
	Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios	2.1. , 3.1.
	Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais	2.2. , 3.1.

	Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal	
412	Investimentos non productivos en explotacións agrarias	1.1. , 1.2.
	Investimentos non productivos en espazos forestais	3.1.
	Investimentos non productivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio ambiental en espazos naturais ou no contorno rural	2.1.
413	Transformación e venda de produtos agrarios na explotación	3.1.
	Elaboración e venda de produtos artesanais	
	Agroturismo	1.2.,1.3.,2.1.
	Prestación de servizos á poboación	7.2.,7.3.
	Creación/modernización e/ou traslado de PEME's	7.1. , 8.1.
	Centros de información e sinalización de lugares turísticos	2.2.
	Comercialización de servizos turísticos relacionados co turismo rural	1.1. , 2.3.
	Servizos básicos para a economía e a poboación rural	
	Plans de protección e xestión das zonas Natura 2000 e de alto valor natural	
	Accións de sensibilización sobre cuestións ambientais	4.2.
	Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio natural	4.1. , 5.1.
Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural	6.1.,6.2.,6.3.	

INDICADORES DE RESULTADO MEDIDAS 411 412 e 413

MEDIDA	TIPOLOXÍA DO PROXECTO	Nº de proxectos financiados polos GDR	NÚMERO DE BENEFICIARIOS					NÚMERO DE EMPREGOS CREADOS					Axuda pública (miles de €)	Gasto privado (miles de €)
			Sector privado		Sector público	GDR	TOTAL	Homes		Mulleres		TOTAL		
			Particulares	Persoas xurídicas				<25	>25	<25	>25			
411	Proxectos de introdución de novas técnicas de produción						0					0		
	Proxectos de recuperación de variedades tradicionais	6	4	2			6		1/4		1/4	1/2	50000	75000
	Produccións extensivas en áreas medioambientalmente sensíbeis						0					0		
	Proxectos de mellora da eficiencia enerxética das explotacións	13	7	6			13		1/4			1/4	100000	185700
	Proxectos de aplicación das TICs nas explotacións	25	17	8			25	1/2				1/2	50000	50000
	Aumento do valor económico dos montes	9	5	4			9		1/2		1/2	1	250000	325000

	Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios	8	6	2			8				1/2	1/2	500000	740000
	Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais	11	8	3			11		1/2			1/2	200000	290000
	Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal						0					0		
	TOTAL	72	47	25	0	0	72	1/2	1,5	0	1,25	3,25	1150000	1665700
412	Investimentos non productivos en explotacións agrarias	31	5	26			31	1/4		1/2		3/4	130000	86667
	Investimentos non productivos en espazos forestais	9		2	7		9	1/2		1/4		3/4	78000	117000
	Investimentos non productivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio ambiental en espazos naturais ou no contorno rural	9		5	4		9			1/4		1/4	52000	34667
	TOTAL	49	5	33	11	0	49	3/4	0	1	0	1,75	260000	238334
413	Transformación e venda de produtos agrarios na explotación	19	16	3			19		2		2	4	800000	1400000
	Elaboración e venda de produtos artesanais						0					0		
	TIPOLOXÍA DO PROXECTO	Nº de proxectos financiados polos GDR	NÚMERO DE BENEFICIARIOS				NÚMERO DE EMPREGOS CREADOS					Axuda pública (miles de €)	Gasto privado (miles de €)	
			Sector privado		Sector público			Homes		Mulleres				TOTAL
	Particulares	Persoas xurídicas	>25	<25				>25						
	Agroturismo	68	53	8	7		68	1		1	3	5	1250000	1651200
	Prestación de servizos á poboación	17		7	10		17				2	2	400000	270960
Creación/modernización e/ou traslado de PEMEs	7	3	4			7		2		3	5	700000	1225000	
Centros de información e sinalización de lugares turísticos	11	1	3	7		11	1/4		1/4		1/2	100000	67740	
413	Comercialización de servizos turísticos relacionados co turismo rural	25	13	7	5		25		1/2		1/2	1	200000	296370
	Servizos básicos para a economía e a poboación rural						0					0		

Plans de protección e xestión das zonas Natura 2000 e de alto valor natural						0					0		
Accións de sensibilización sobre cuestións ambientais	10		10			10		1/4			1/4	50000	33870
Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio natural	16		16			16		1/2			1/2	100000	67740
Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural	34		34			34		1/4		1/4	1/2	400000	270960
TOTAL	207	86	92	29	0	207	1,25	5,5	1,25	10,75	18,75	4000000	5283840

O número de empregos creados debe expresarse en valor do equivalente anual. Así por exemplo, o emprego dunha persoa a media xornada durante 1 ano enteiro sería o equivalente a 0,5 empregos xerados. E o emprego dunha persoa a xornada completa durante 4 meses sería o equivalente a unha xeración de 0,33 empregos.

II.6.COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO QUE SE APLIQUEN NO TERRITORIO.

Non existen fondos específicos destinados ao territorio no marco doutros proxectos diferente ao LEADER 2007-20013.

No obstante e previsible que neste período xurdan novos proxecto de desenvolvemento ligados a figura de protección medioambiental como son a Red Natura 2000, a Reserva da Biosfera.... E os posibles Parques Naturais de Ancares e Caurel ou outras figuras de protección.

No suposto de que este se materialice estableceranse os correspondentes mecanismos de coordinación e complementariedade mantendo o principio de competitividade na percepción dos fondos para que non se perda a finalidade propia da cada un destes Proxectos de Desenvolvemento.

II.7. PLAN DE COOPERACIÓN

II.7.1. A montaña de Lugo comercializa unida.

1.- NECESIDADE-REALIDADE A QUE PRETENDEMOS RESPONDER:

- A oferta de produtos que se pode facer desde a zona do GDR5 é moi pequena: Faise necesario dimensionar e unificar estratexias de comercialización coas zonas de montaña limítrofes .

2.- OBXECTIVOS:

- Dimensionar axeitadamente a oferta de produtos de toda a montaña e elaborar estratexias de marketing e comercialización conxuntas.
- Crear un lobby de toda a montaña luguesa para una presenza efectiva nas administracións.

3.- ESTRATEXIA.

Descrición xerográfica: GDR 5, concellos de Fonsagrada, Quiroga, Samos e Triacastela.

Plan de actuación:

- . Identificación dos produtos con necesidade de unificación e dos produtores implicados (visitas, intercambios de información, charlas, xuntanzas dos implicados para debater os problemas e ir artellando alternativas). Esta acción farase por sectores: gandería (carne), produtos da horta e do monte; turismo e artesanía, servizos á poboación.
- . Elaboración desde os GDRs implicados dunha estratexia conxunta que sirva de interlocutora e organismos de presión en todas as administracións (os técnicos dos distintos GDRs elaborarán por medio de xuntanza se os medios telemáticos unha proposta que as distintas directivas matizarán , aproveitaran para poñer en práctica.

4.- ARTICULACIÓN CON OUTRAS POLÍTICAS

Esta actuación está en total consonancia tanto coa verbalización que as asociacións fixeron como estratexia para a creación de alternativas económicas como coas políticas de asentamento de poboación e creación de liñas de comercialización e riqueza que perseguen toas as administracións. Trátase de ir cercando o illamento e descoñecemento das distintas iniciativas e ir eliminando o minifundismo mental como rémora transversal a todos os proxectos.

5.- ORZAMENTO.

Visitas, Kms, dípticos, teléfono, internet, material funxible, encontros e participacións en feiras e foros de debate.....65.000 €

6.- IMPACTO

- Non pensamos que esta iniciativa vaia ter repercusións significativas na creación de postos de traballo agás as derivadas de posibles creacións de industrias conxuntas de transformación de produtos ou a organización de eventos conxuntos: encontros, feiras, viaxes...
- O impacto nesta medida haberá que velo máis ben.
 - . No grado de satisfacción verbalizado polo implicados.
 - . No nivel de mobilidade e intercambios realizados: nº de visitas , nº de xuntanzas comúns, nº de xestións conxuntas realizados no exterior.
 - . Nas repercusións económicas que supostamente vai ter nas iniciativas existentes: declaración da renda, facturación...
 - . Na cantidade de propostas conxuntas presentada nos organismos público.

II.7.2. Fronte ó envellecemento e o despoboamento

1.- NECESIDADE-REALIDADE A QUE PRETENDEMOS RESPONDER:

- A gran problemática da vellez da montaña e ó mesmo tempo o gran recurso que supón a vellez para xeración de riqueza e asentamento de poboación nova na montaña.
- Inexistencia de espazos de encontro – debate específicos para a mocidade da montaña.

2.- OBXECTIVOS:

- Intercambiar coñecementos e experiencias con zonas de parecidas características do estado español.
- Visitar algunhas iniciativas exitosas no mantemento de vellos/as no rural creando emprego ou riqueza para os novos.

3.- ESTRATEXIA.

Ubicación xeográfica e entidades interlocutoras:

- Montaña Palentina – Escuelas Campesinas de Palencia
- Alto Jalón (Aragón) – Asociación Cultural “Alto Jalón”.
- Montaña de Grio (Aragón) – Asociación Cultural “Grio”
- Zona de Ledesma (Salamanca) – Escuelas Campesinas de Salamanca
- Sierra de Francia (Salamanca)- ASAM Asociación Salmantina de agricultura de montaña.

- Sierra Nordeste de Segovia- CODINSE . Coordinadora para el Desarrollo Integral del Noroestes de Segovia.
- Lodoselo (Ourense)- CDR “O Viso”
- Medina de Rioseco (Valladolid) ; CDR Tierra de Campos
- Barco de Avila – Piedraíta (Avila) . Escuelas Campesinas de Avila
- Miajadas (Cáceres) : Asociación Cultural “Zaragata”
- Zafarralla (Granada) : Asociación “Llano Acoge”
- Ancares (Lugo): GDR5

Plan de actuación.

- Organización dun encontro de todas estas organizacións para compartir experiencias e apuntar liñas de futuro.
- Visitas a algunha das experiencias máis cercanas xeográfica ou metodoloxicamente.
- Establecemento de un sistema intercomunicación constante.
- Organización dun encontro lúdico-didáctico de tres días de duración da mocidade de todas estas zonas e outras de montaña de toda España que queiran sumarse. O comité organizador estará constituído polas asociacións de mocidade e autoridades municipais do GDR5 aserados por un comité técnico.

A sede do encontro estaría nun ou dous pobos da nosa zona que reúnan máis condicións.

. Utopía: organizar un encontro de persoas maiores de todas estas zonas.

4.- ARTICULACIÓN CON OTRAS POLÍTICAS

Total: asentamento de poboación, mellora de servizos a poboación; intercambios entre distintos territorios.

5.- ORZAMENTO.

Encontro.....	21.00
Visitas.....	16.00
Intercomunicación.....	8000
Encontro de Vellos/as.....	56000
Encontro de mocidade.....	63000
TOTAL	16300
	0

6.- IMPACTO

- Grado de satisfacción verbalizado polos implicados

- Actividades económicas que xera na zona esta coordinadora
- O feito de viaxar e intercambiar con outras xentes e outros territorios sempre é un elemento positivo e motivante : Neste senso terán importancia o nº de persoas que participan nos intercambios (vellos/as, xóvenes, animadores...) a calidade dos intercambios (presenciais, duradeiros, esporádicos, telemático...)

II.7.3. O teitado vexetal nexo de unión en Europa.

1.- REALIDADE- NECESIDADE A QUE PRETENDEMOS RESPOSTAR.

É esta unha das zonas nas que se conservan de xeito significativo as construcións tradicionais de teito vexetal. É un feito moi peculiar pero moi pouco valorado e moi illado, habería que magnificalo cunha dimensión europea.

2.- OBXECTIVOS:

- Contactar con outras zonas de Europa con construcións semellantes.
- Crear unha rede ó estilo da de “cidades patrimonio da humanidade” que sitúe estas zonas nun plano novo e lles abra posibilidades turísticas, económicas e culturais importantes.

3.- ESTRATEXIA.

Descrición xeográfica: zonas de Europa con construcións con teito vexetal.

- Rastrexo, a partir dos datos dos que dispoñemos, doutras zonas de Europa con construcións parecidas.
- Rolda de contactos coas distintas zonas co fin de ir comentando as posibilidades e o interese en participar nun proxecto conxunto.
- Organización dun sistema de intercomunicación permanente entre grupos das distintas zonas.
- Organización dun encontro de representantes de cada zona para botar a andar a rede.

4.- ARTICULACIÓN CON OUTRAS POLÍTICAS

Visibilidade, creación de redes internacionais, abertura de novas posibilidades económicas.

5.- ORZAMENTO

Material, teléfono, internet.....	10.000
Kilómetros.....	7.000
Encontro.....	22.00
TOTAL	39.00

6.- IMPACTO

-O feito de ver algúns propietarios de construcións típicas da zona establecendo relacións comerciais e culturais cos doutros países, en principio máis desenvolvidos, vai ter un impacto psicolóxico tremendo en toda a poboación, sobre todo se se consegue un intercambio fluído de visitas.

-Vai ter importancia para a economía de todo o sector turístico da zona.

II.7.4. A emigración motor de intercambio cultural.

1.- REALIDADE- NECESIDADE A QUE PRETENDEMOS RESPONDER.

Esta é unha zona que tivo moita emigración a Barcelona, País Vasco, Francia e Suíza. Aínda hoxe quedan consecuencias visibles dese fenómeno pero bótanse de menos fluxos de dobre dirección que dean resposta a permanentes anxeios, sobre todo de cara ás segundas e terceiras xeracións.

2.- OBXECTIVOS:

Posibilitar intercambios culturais entre asociacións culturais desta zona coas de outras nas que haxa emigrantes ou descendentes desta zona.

3.- ESTRATEXIA.

- Contactar con emigrantes coñecidos
- Accións coas asociacións musicais, folclóricas e culturais da zona para implicalos no proxecto.
- Organización dalgunha xira de grupos da zona por pobos nos que haxa emigrantes e viceversa

4.- ARTICULACIÓN CON OUTRAS POLÍTICAS

Transnacionalidade, fluxos culturais.

5.- ORZAMENTO

Material, teléfono, internet.....	4.00
Viaxes.....	4.00
Encontro.....	65.00
TOTAL	73.00

6.- IMPACTO

- Aumento da cohesión e da autoestima.
- Apertura de horizontes.

II.8. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA.

II.8.1. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos:

-Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.

-Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobando especialmente a súa viabilidade financeira.

-Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida polo GDR e aos obxectivos marcados nos estatutos.

II.8.2. Baremo para proxectos productivos.

II.8.3. Baremo para proxectos non productivos.

II.8.4. Prioridade dos proxectos non productivos.

II.9. Descrición (previsión) do equipo técnico e humano adscrito á xestión do programa.

II.9.1. Persoal adscrito á xestión do programa. Organigrama. Procedemento de contratación do equipo xestor.

Non se iniciou proceso para a selección e contratación do persoal. A asociación para as actividades realizadas ata o de agora (elaboración dos estatutos, elaboración da estratexia do GDR e tarefas administrativas) contou co traballo voluntario dos socios.

II.9.2. Medios técnicos: local, medios informáticos.

Ata o momento dispuxemos de medios informáticos e locais cedidos polo CDR Ancares, pola Axencia de Extensión Agraria de Becerreá e con casas particulares.

II.9.3. Contratación do equipo xestor.

1.- Definición dos postos que se pretenden cubrir:

- Coordinador técnico
- Técnico
- Administrativo

2.- Características da contratación:

O equipo técnico será contratado pola asociación de desenvolvemento rural ancares-Courel mediante un proceso selectivo que respectará os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O equipo técnico encargárase da información e asesoramento á poboación sobre os fondos Leader e outras posibilidades de desenvolvemento e recursos, así como do acompañamento e asesoramento na xestión dos proxectos presentados ao programa Leader, actuando sempre baixo a supervisión da xunta directiva do GDR á que dará conta de todas as súas actuacións e coa que se coordinará estreitamente.

Dadas as características do territorio pretendemos contar cun equipo interdisciplinario, móbil e dinámico que viaxe constantemente polo territorio para divulgar ou difundir información e para asesorar individualmente aos promotores dos proxectos. O seu horario será flexible en función das necesidades de cada momento e situación.

3.- Funcións

A) FUNCIONES COMÚNS PARA TODO O EQUIPO (en especial os técnicos)

- Dinamización de todas as posibles iniciativas que poidan xurdir no territorio
- Información e asesoramento: reunións, campañas de información...
- Acompañamento aos promotores dos proxectos que vaian aparecendo, procurando compatibilizar recursos ou escoller o recurso máis axeitado a cada situación.
- Coordinarse con outros técnicos que traballen no territorio e que teñan obxectivos afíns de desenvolvemento (axentes de desenvolvemento local, equipos de inclusión, técnicos de medio rural, de Agader...)
- Elaboración de materiais para informar do programa e das axudas (folletos...)
- Elaboración de folletos, mapas, etc. sobre o territorio que sirvan para dalo a coñecer.
- Organizar encontros, xornadas, visitas a outros lugares....
- Cantas outras se determinen encamiñadas ao fin último de desenvolvemento integral da zona.

B) FUNCIONES ESPECÍFICAS DO COORDINADOR.

- Coordinar o equipo técnico.
- Poñer en práctica o programa elaborado, atendendo ás directrices da xunta directiva da asociación
- Deseñar estratexias para levar a cabo os obxectivos do GDR
- Xestión de recursos alternativos para o programa.
- Dar conta das actuacións do equipo á Xunta Directiva, expresada á traves do seu Presidente

C) FUNCIONES ESPECÍFICAS DO ADMINISTRATIVO

- Permanecer na oficina o tempo que se determine e ofrecer o primeiro nivel de atención e información.
- Contabilidade da asociación e nóminas do persoal.
- Traballo informático: folletos informativos, estudos, planos...
- Traballo administrativo: correspondencia, teléfono...
- Manexar soportes técnicos e informáticos en asembleas, encontros etc. nos que sexa necesario

4.- Forma de selección

A selección realizarase en tres fases. A puntuación máxima será de 100 puntos

- 1ª FASE: PROBA ESCRITA, axustada ás funcións de cada categoría. Poderanse obter ata 50 puntos e a proba vai consistir nun exame tipo test que terá que ver con:
 - . Para os técnicos co desenvolvemento integral, coa forma de traballo en equipo e coas características do territorio no que se vai traballar.
 - . Para o administrativo con coñecementos de informática ,contabilidade e xestión administrativa.
- 2ª FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. Poderase obter ata un máximo de 25 puntos.
- 3ª FASE: ENTREVISTA. Ata un máximo de 25 puntos

Os entrevistadores procuraran atopar as persoas máis axeitadas para os postos tendo en conta as motivacións, experiencias anteriores, actitudes, desexo de aprender... a entrevista será dirixida e preparada.

5.- Requisitos dos aspirantes. establécense requisitos mínimos de titulación, os mesmos que propón o Agader na convocatoria:

- Técnicos: diplomatura universitaria ou enxeñería técnica.
- Administrativo: Bacharelato ou FP II

Outros requisitos:

- . Carné de conducir
- . Disponibilidade horaria

6.- Méritos valorables

A) COMÚNS:

- Coñecemento da lingua galega:
 - . Curso de iniciación ou equivalente: 1 puntos
 - . Curso de perfeccionamento ou equivalente: 2 puntos

- Residir no territorio: 1 punto

- Dominio do Inglés: 1 punto

B) ESPECÍFICOS

1.- Técnicos:

- Outras titulacións. Ata un máximo de 2 puntos
 - . Diplomaturas: 0,5 puntos
 - . Licenciaturas: 1 punto

- Experiencia de traballo en programas de desenvolvemento rural: 0,4 puntos por mes ata un máximo de 15 puntos.

- Outra formación adecuada ao posto que se pretende cubrir: 0,10 puntos por cada 10 horas de asistencia, ata un máximo de 4 puntos.

2.- Administrativo

- Outras titulacións. Ata un máximo de 2 puntos
 - . Diplomaturas: 0,5 puntos
 - . Licenciaturas: 1 punto

- Experiencia de traballo en outros equipos: 0,4 puntos por mes, ata un máximo de 15 puntos.

- Cursos específicos adecuados para o posto (tratamento de texto e de fotografías, Power Point, Access, contabilidade...): 0,10 puntos por cada 10 horas de asistencia, ata un máximo de 4.

7.- Criterios valorables e puntuables na fase de entrevista

A) Técnicos:

- Coñecemento profundo do territorio: físico e técnico (problemática...)
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para comunicar.
- Capacidade de escoita para recoller dos veciños, dos grupos e das asociacións os problemas e necesidades que plantexan.
- Disposición e capacidade para aprender do rural
- Empatía e capacidade para animar. Carácter positivo e optimista

B) Administrativo:

- Capacidade de traballo en equipo
- Carácter dinámico e afable para atención e información inicial
- Organizado/a na presentación dos traballos e resolutivo/a

8.- Comisión de selección. Formaran parte da comisión de selección do persoal:

- Cinco membros da xunta directiva, elixidos de entre os seus membros.
- Dous técnicos dos concellos incluídos no territorio, escollidos por sorteo.
- Un representante de Agader.

II.10. Plan de difusión:

A difusión do Leader e das oportunidades que ofrece entre a toda a poboación é moi importante para conseguir a participación e a mobilización arredor do proxecto. Diferenciamos tres tipos de accións de difusión segundo quen sexan os axentes difusores:

1. Socios.

- Elaborar o protocolo de actuación e de activación do socio. Os socios deben funcionar como animadores, descubrir proxectos e estar atentos a calquera iniciativa subvencionable no se ámbito territorial ou no seu sector de participación, distribuír folletos, informar...

- Pretendemos establecer un mecanismo inverso de identificación de proxectos e promotores: cando un socio detecte unha iniciativa de interese debe promover e garantir unha visita dun técnico do GDR para valorar, animar...

2.- Mesas sectoriais

As mesas sectoriais son moi importantes e deben recoller inquietudes no seu sector e propoñer ao GDR actuacións ou modificación de criterios e transmitir a información elaborada polos técnicos ao sector correspondente.

Os medios que poden utilizar para recibir-transmitir información serán: reunións por concellos ou por parroquias nas que participarán os membros das mesas correspondentes con todas as persoas interesadas do territorio, folletos, presentar outras experiencias subvencionadas para que funcionen como exemplo ou modelo...

3.- A difusión con apoio técnico:

Os técnicos deben facer integramente un traballo de campo, deben estar nas zonas, ser visibles.

Empezarán por un traballo de investigación-información que consistirá en reunións por parroquias de primeiro contacto nas que recolleran información sobre necesidades, posibilidades...da zona e se presentarán a si mesmos e ao programa como recurso.

Os horarios de trabalo administrativo tradicionais son contrarios aos procesos de participación na montaña, hai que adaptar os horarios, na medida do posible, aos ritmos da xente.

Acompañamento técnico a emprendedores (figura do técnico amigo), desde o momento en que xurda unha idea para perfilala, para darlle forma ao proxecto, animar, motivar...

Organizar encontros informais, en pequenos grupos, con outras experiencias similares que tiveran éxito ou que van mais evolucionadas.

Elaborar material didáctico, dar charlas nos colexios... procurando conseguir no alumnado a valoración da zona e das posibilidades propias. Organizar visitas de alumnos a determinadas experiencias novedosas e exitosas. Tamén se traballará nos claustros escolares para que transmitan unha visión positiva da zona.

Utilizar os medios tradicionais de difusión da información para identificar posibles proxectos e divulgar as oportunidades do programa: atraer outros axentes sociais que teñen un coñecemento e un contacto profundo da zona e da xente para que funcionen como animadores voluntarios: curas, médicos, veterinarios...

Elaborar folletos sinxelos que animen á xente a pedir mais información, a pensar en facer cambios... que distribuirán os membros das mesas sectoriais, os socios do GDR os animadores voluntarios, os concellos, ou enviaranse por correo a todas as casas.

Información nos Centros Galegos (Barcelona, Bilbao...) sobre as posibilidades da zona e as oportunidades que ofrece o Leader para o retorno. Nestas cidades hai moitos emigrantes que non sempre se senten a gusto pero nun saben como dar o paso de volver e para a zona significarían un balón de osixeno.

Organizar visitas a outras experiencias de interese e intercambios (xornadas...) con outros GDR de zonas similares en territorio e poboación.

Utilizar outros canles de difusión xa existentes como a prensa, a radio local de As Nogais... co obxecto de ir creando interese e dinámicas de participación e de activación.

Os proxectos subvencionados que xa empecen a funcionar terán a obriga de acoller visitas de pequenos grupos de persoas interesadas e de expoñer o proxecto ante pequenos grupos ou na radio local.

II.11. PLAN FINANCIERO

Importes en
Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA							GASTO PÚBLICO FÓRA PROGRAMA	GASTO PRIVADO	GASTO TOTAL	%
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL				
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	75.023,35	146.548,30	147.575,63	227.643,32	226.648,50	226.560,90	1.050.000,00	300.000,00	1.600.000,00	2.950.000,00	20,0%
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non productivos	18.577,21	36.288,15	36.542,54	56.368,82	56.122,49	56.100,79	260.000,00	110.000,00	100.000,00	470.000,00	4,9%
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	171.481,94	334.967,54	337.315,72	520.327,59	518.053,72	517.853,48	2.400.000,00	400.000,00	3.800.000,00	6.600.000,00	75,1%
	Non productivos	110.748,75	216.333,21	217.849,74	336.044,90	334.576,36	334.447,04	1.550.000,00	750.000,00	300.000,00	2.600.000,00	
	TOTAL	282.230,70	551.300,75	555.165,46	856.372,49	852.630,07	852.300,53	3.950.000,00	1.150.000,00	4.100.000,00	9.200.000,00	
TOTAL ESTRATEXIA	Productivos	246.505,29	481.515,84	484.891,35	747.970,91	744.702,22	744.414,38	3.450.000,00	700.000,00	5.400.000,00	9.550.000,00	65,6%
	Non productivos	129.325,96	252.621,36	254.392,28	392.413,72	390.698,84	390.547,84	1.810.000,00	860.000,00	400.000,00	3.070.000,00	34,4%
	TOTAL	375.831,25	734.137,20	739.283,63	1.140.384,64	1.135.401,06	1.134.962,22	5.260.000,00	1.560.000,00	5.800.000,00	12.620.000,00	
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	60.133,00	117.461,95	118.285,38	182.461,54	181.664,17	181.593,96	841.600,00	50.000,00	0,00	891.600,00	75,1%
	Promoción	15.033,25	29.365,49	29.571,35	45.615,39	45.416,04	45.398,49	210.400,00	100.000,00	0,00	310.400,00	
	TOTAL	75.166,25	146.827,44	147.856,73	228.076,93	227.080,21	226.992,44	1.052.000,00	150.000,00	0,00	1.202.000,00	
TOTAL PROGRAMA		450.997,51	880.964,64	887.140,35	1.368.461,56	1.362.481,27	1.361.954,66	6.312.000,00	1.710.000,00	5.800.000,00	13.822.000,00	
							FEADER	3.633.187,21				
							AXE	1.351.970,57				
							XUNTA	1.326.842,22				

Porcentaxe para Promoción, sobre o total da estratexia (mínimo 4%):

4,0%

Observacións para elaborar o cadro financeiro:

1.- Só cubrir as celdas de cor verde.

2.- Na columna "TOTAL", do Gasto Público do Programa inclúiranse os importes que se solicitan para financiar proxectos dentro da estratexia do GDR. A distribución por anualidades xa se fai automaticamente.

3.- Sobre ese TOTAL do Gasto Público da Estratexia tamén se calcula o tope da medida 431. Ao cubrir a casilla de fóra do cadro coa porcentaxe mínima proposta para Promoción (Adquisición de capacidades e Promoción Territorial), xa se fai no cadro a distribución entre Funcionamento e Promoción.

4.- Na columna "Gasto público fóra programa" inclúiranse os importes de natureza pública que cofinancien proxectos, tanto axudas doutro tipo compatibles que consiga o promotor como, no caso de promotores públicos, os importes que eles aporten como fondos propios.

5.- Na columna "Gasto privado" inclúiranse as aportacións que fagan os promotores, sempre que sexan privados, para financiar o seu investimento, como fondos propios, é dicir, o custo do investimento menos a subvención. Para o seu cálculo débese facer unha estimación das porcentaxes medias de axuda que prevé aprobar o GDR, tanto para proxectos produtivos coma para os non produtivos.

6.- Na última columna as porcentaxes calcúlanse automaticamente, por unha banda para determinar a parte dos fondos da estratexia que se destinan a cada unha das medidas 411, 412 e 413, e pola outra que porcentaxe dos fondos se destinan a proxectos produtivos e a non produtivos. Lémbrese que se establece como orientativo o 25%, o 5% e o 70% respectivamente para as medidas 411, 412 e 413 e o tope máximo do 25% para proxectos non produtivos. Poderanse aceptar variacións de até 10 puntos en cada un destes valores sempre que estean suficientemente xustificadas no programa.

INDICE

0.- INTRODUCCIÓN.

I.- O GDR “ANCARES-COUREL”

I.1. O TERRITORIO

I.2. DATOS IDENTIFICATIVOS

I.2.1. Denominación e CIF.

I.2.2. Domicilio social, teléfono, email.

I.3. ACTA FUNDACIONAL

I.4. RELACIÓN DE ASOCIADOS EN FUNCIÓN DA IDENTIFICACIÓN, IMPLANTACIÓN E REPRESENTATIVIDADE

I.5. ESTATUTOS.

I.6. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

I.7. PARTICIPACIÓN NA ELABORACIÓN DO GDR E DA ESTRATEXIA

II. A ESTRATEXIA

II.1. ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES

II.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA.

II.2.1. Agricultura-gandeiría.

II.2.2. Forestal.

II.2.3. Medioambiente.

II.2.4. Turismo.

II.2.5. Servizos á comunidade.

II.2.6. Infraestructuras.

II.2.7. Novas tecnoloxías.

II.2.8.Sanidade.

II.2.9.Educación.

II.2.10.Servizos sociais.

II.2.11.Transporte.

II.2.12.Cultura.

II.2.13.Lecer e tempo libre.

II.3. OBXECTIVOS

II.3.1.Obxecto.

II.3.2.Obxectivos xerais e específicos.

II.4. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

II.4.1.Dinamización do sector agrario e forestal (411).

II.4.2.Mellora ambiental e do contorno natural (412).

II.4.3.Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (413).

II.5. INDICADORES DE RESULTADOS

II.6. COMPLEMENTARIEDADE E COHERENCIA CON OUTROS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO DA ZONA

II.7. PLAN DE COOPERACIÓN

II.7.1. A montaña de Lugo comercializa unida.

II.7.2. Fronte ó envellecemento e o despoboamento.

II.7.3. O teitado vexetal nexo de unión en Europa.

II.7.4. A emigración motor de intercambio cultural.

II.8. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.

II.8.1.Requisitos de subvencionalidade dos proxectos.

II.8.2.Baremo para proxectos productivos.

II.8.2.1.Situación xeográfica.

II.8.2.2.Características do promotor.

II.8.2.3.Incidencia no emprego.

II.8.2.4.Impacto sobre o territorio.

II.8.3.Baremo para proxectos non productivos.

II.8.3.1.Situación xeográfica.

II.8.3.2.Características do promotor e ámbito de actuación.

II.8.3.3.Impacto sobre o territorio.

II.8.4.Prioridade dos proxectos non productivos.

II.8.4.1.Proxectos de prioridade alta.

II.8.4.2.Proxectos de prioridade media.

II.8.4.3.Outros proxectos.

II.8.5.Proposta de correlación de puntos obtidos por un proxecto e o % de subvención acadado.

II.9. DESCRIPCIÓN (PREVISIÓN) DO EQUIPO TÉCNICO E HUMANO

II.9.1.Persoal adcrito á xestión inicial do programa.

II.9.2.Medios técnicos.

II.9.3.Contratación do equipo rector.

II.10. PLAN DE DIFUSIÓN

II.10.1.Socios/as.

II.10.2.Mesas sectoriais.

II.10.3.Difusión con apoio técnico.

II.11. PLAN FINANCIERO